



Javier Rodríguez, presidente do Octavio Pilotes Posada de balonmán (División de Honra Prata), club Siareiros Elite dende a creación do programa da Fundación VIDE, está disposto a afrontar a súa vixésima segunda tempada ao mando do clube académico.

Hoxe, respostou desta forma a unha batería de preguntas. E non o dubidou nin un segundo, lanzouse pendente abaixo dando por certo que as excusas son para outros.

Velaiquí as súas respostas ás sete preguntas capitais.

1) Esixencia. "Fixemos un proxecto económico para ter un equipo competitivo. **O obxectivo fundamental e único**

é o ascenso

e se non o conseguimos fracasaremos en materia deportiva".

2) Pretempada. "O equipo transmite sensacións boas, tamén mo dixo o adestrador. Nesta pretempada tivemos luces, como gañar no Porto, o que non logramos nunca nos últimos anos, pero tamén houbo sombras como o partido en Lalín ante o Frigoríficos".

3) A Copa. "Xogar a Copa do Rei no momento máis importante da tempada **é bo para motivar** aos xogadores. Vanse a concienciar e iso vai repercutir na Liga".

4) Calendario. "Gústame: para empezar, o Bidasoa, que é un histórico e así iniciamos a competición contra un equipo forte, e logo temos unha saída cómoda. Ademais, na recta final do campionato **xogamos catro dos seis últimos encontros en casa** (entre abril e maio), e todos sabemos que a Liga gáñase nos últimos partidos".

5) Ascenso. "O ascenso vaise resolver en Vigo. O equipo que estea máis forte en casa subirá e nas Travesas xogaremos quince encontros. O último ascenso, **no 2007, foi un paseo en canoa**

porque eramos moi superiores, pero agora hai máis de seis equipos fortes e moita igualdade, xa que os tres que ascenderon van estar pola parte alta.

Teremos que afacernos a perder

e ata a pensar que o ascenso pode chegar con nove derrotas. Tamén é importante en caso de non ascender de forma directa quedar en segundo lugar, porque o play-off xógase na pista do segundo clasificado".

6) Pezas clave. "Para un equipo son fundamentais o porteiro e o central e os nosos son o mellor da categoría

. En ataque non teño dúbidas sobre o equipo, pero me preocupa a defensa".

7) Siareiros. "Xa temos **máis Siareiros que o ano pasado** en Asobal a esta mesma altura e iso é moi bonito. Temos mil socios e iso amosa que non nos dan as costas en División de Honra".